

VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE

Rúa Curros Enríquez, 1-4º. 32003 Ourense

Asunto: Alegacións ao ACORDO do 18 de outubro de 2022, da Xefatura Territorial de Ourense, polo que se someten a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, a autorización administrativa de construción, o proxecto de interese autonómico e o estudo de impacto ambiental do parque eólico Tramontana, situado nos concellos de Baltar, Cualedro e Xinzo de Limia, provincia de Ourense (**expediente IN408A 2021/030**)

Don/Dona con DNI. Número,
con domicilio a efectos de notificacións en _____, municipio de _____, provincia _____.

EXPÓN: Á vista do ACORDO, por medio do presente escrito realízanse as seguintes ALEGACIÓNS:

1. INCOMPATIBILIDADE COA PRÁCTICA DEPORTIVA DO PARAPENTE E OUTRAS ACTIVIDADES AERONÁUTICAS. A Serra do Larouco é un dos principais enclaves para a práctica do parapente en Galicia e Portugal e a instalación dun parque eólico na zona que determina este proxecto imposibilitaría unha actividade con arraigo social, cun investimento considerábel e que é un dos eixos turísticos do Concello de Baltar.

2. FALLA DE UTILIDADE PÚBLICA E REXEITAMENTO SOCIAL E INSTITUCIONAL. Nunha área de alta concentración de eólicos como é a Serra do Xurés non se xustifica a necesidade de máis proxectos eólicos. Existe un amplo rexeitamento social como mostrou a resposta veciñal e institucional á Lat PE San Martiño-SET Larouco, que levou ao Concello de Xinzo a solicitar a aplicación da Alternativa 0 para aquel proxecto.

3. DIVISIÓN ARTIFICIOSA DE PROXECTOS AOS EFECTOS DA AVALIACIÓN DOS IMPACTOS AMBIENTAIS. Son 3 proxectos (PE Mistral, PE Tramontana e Liña de Alta Tensión PE Tramontana até subestación de Salas) que aos efectos ambientais tramítanse dunha forma independente. O proxecto é, na práctica, unha ampliación encuberta e fraudulenta do PE do Larouco, con 49 aeroxeradores operativos, e que compartiría accesos co PE Tramontana que situaría os seus aeroxeradores a menos dun quilómetro do remate do parque existente.

4. AUSENCIA DE CONSULTA AO ESTADO PORTUGUÉS, tal e como esixe o artigo 49 da Lei 21/2013, a respecto das *consultas a outros Estados nos procedementos de avaliación ambiental*. Circunstancia que xa foi obxecto dunha queixa ao Defensor del Pueblo por parte da plataforma STOP EÓLICOS XURÉS CELANOVA durante o período de exposición pública do proxecto PE San Martiño. Portugal ten dereito a recibir información do Estado español e a participar nesta fase do procedemento.

5. PROHIBICIÓN DA REQUALIFICACIÓN URBANÍSTICA DOS TERREOS INCENDIADOS. A normativa vixente impide a requalificación urbanística dos terreos incendiados. A zona na que de proxecta o parque resultou afectada por incendios con anterioridade á incorporación da área de investigación na que se localizarían as infraestruturas á ADE San Martiño.

6. AFECCIÓN SEVERA SOBRE OS RECURSOS HÍDRICOS AO SITUAR A INFRAESTRUTURA SOBRE UN HUMIDAL. O proxecto afecta de forma severa a recursos hídricos. Ten un impacto directo ao situar toda a infraestrutura sobre o sistema de val fluvial do Larouco, área de turbeiras e matogueiras onde nacen os ríos que nutre o río Salas, do lado galego, e o río Cábado no norte de Portugal. A parte portuguesa da turbeira do Larouco está catalogada, non así a zona galega. Prodúcese unha vulneración flagrante da Directiva Marco da Auga.

7. A TOTALIDADE DAS INFRAESTRUTURAS EÓLICAS SITUÁNSE EN ZONA DE PROTECCIÓN DA AVIFAUNA E RUPTURA DA COHERENCIA DA REDE NATURA. Os proxectos Tramontana e Mistral, así como a liña de evacuación prevista, están sobre Zona de Protección da Avifauna, terán impactos graves sobre máis de 70 especies de aves segundo a promotora no caso de Tramontana. Cómpre ter en conta que as especies non entenden de límites xeográficos e que o mantemento da conectividade ecolóxica é fundamental para o mantemento dos ecosistemas e da coherencia da REDE NATURA 2000. Hai ademais, afeccións significativa ao galápagos europeo (*Emys orbicularis*).

8. AFECCIÓN SEVERA PARA AS ÁREAS DE INTERESE PAISAXÍSTICO. Existe unha afección grave á AEIP da Fraga da Rousía. E tamén son afectas as áreas da Penas do Xurés e O Couto Mixto. A construción de torres de 150 metros ampliaría á totalidade da Serra do Larouco a liña de aeroxeradores, que serían visíbeis desde toda a comarca da Limia. **O Larouco deixaría de ser unha paisaxe natural para se converter nunha paisaxe industrial.** Vulnérase o Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aprobaron as Directrices da Paisaxe de Galicia.

9. DANOS IRREVERSIBLES PARA OS HÁBITATS PRIORITARIOS E DE INTERESE COMUNITARIO. O proxecto prevé unha poligonal de 663 Ha e unha afección á matogueira e rochedos en 4,62 hectáreas, que se verían afectados de forma irreversible ao preverse a súa eliminación. O proxecto presenta prexuízos significativos para o bosque de ribeira e o bosque autóctono galego, o que supón a vulneración da Directiva 92/43/CEE, relativa á Conservación de Hábitats Naturais e da Fauna e Flora Silvestres. Tamén presenta prexuízos significativos para o lobo.

10. AFECCIÓN SEVERA AO PATRIMONIO CULTURAL. Non se avalía a paisaxe no contexto global de afección do parque xa instalado e das liñas eléctricas. Os impactos son máis graves do que expón o EIA. Na zonas existe unha relación evidente entre as estruturas castelarias e a fronteira. É incompreensible que se ignore á cultura da Raia. O patrimonio cultural inmaterial e a arqueoloxía da paisaxe fican sen avaliar.

En virtude do anterior,

SOLICITA: O rexeitamento da solicitude de autorización administrativa previa, da declaración de utilidade pública, en concreto, coa necesidade de urxente ocupación, da autorización administrativa de construción, do proxecto de interese autonómico e do estudo de impacto ambiental do parque eólico Tramontana, situado nos concellos de Baltar, Cualedro e Xinzo de Limia, provincia de Ourense (expediente IN408A 2021/030). OUTROSÍ DIGO: Que é preciso resposta razoada a estas alegacións segundo á Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común. A falta de resposta é motivo de nulidade da tramitación.

Fdo.-_____

En _____, a _____, de _____ do 2022